


Actividades

Actividades

As actividades en Moodle **permiten ao alumno interactuar no curso**, de xeito colaborativo ou individual, ofrecendo respostas a distintas propostas feitas polos docentes ou polos compañeiros.

Podemos agrupar as actividades nunha serie de grupos significativos:

- **Actividades de contido**, permite proporcionar ao noso alumnado contidos con elementos interactivos: paquete SCORM, Lección,...
- **Actividades para que o alumnado xere o seu contido**, por exemplo, creando unha Wiki ou un Diario (blog ou journal).
- **Actividades colaborativas de aportacións individuais** para recoller distintas achegas do alumnado sobre un tema, normalmente, termos, por exemplo, Base de datos ou un Glosario.
- **Actividades de comunicación**, permiten o intercambio de opinións sobre un tema concreto, ou para resolver dúbidas, etc. Por exemplo, Comentarios, Conversa, Enquisa ou Foro.
- **Actividades organizativas** que permiten organizar o alumnado en grupos, por exemplo, Escolla ou Grupo de escolla.
- **Actividades de traballo**, nas que o alumnado terá que realizar un determinado traballo e entregar un produto resultado de dito traballo. Por exemplo, Proba, Cuestionario, Tarefa ou Podcast,.
- **Actividades sobre ferramentas externas** hai máis actividades semellantes ás anteriores pero feitas en ferramentas externas, que podemos importar no moodle. Por exemplo, se temos feito un exame en Hot Potatoes poderemos importalo e usalo no curso moodle.




[Licenza: Dominio público](#)

No noso caso imos profundizar nas tarefas e cuestionarios ou probas, por seren as actividades de uso máis común.

Configuración dunha tarefa

A inclusión dunha actividade nun curso implica:

- 1.- **Activar a edición** do curso
- 2.- **Seleccionar a actividade** a engadir



[Licenza: Dominio público](#)

3.- **Configurar a actividade tarefa.** Unha vez escollido a actividade, imos pasar á pantalla de configuración da mesma. *Non todas as actividade teñen as mesmas opcións de configuración, pero estas son as máis habituais, e corresponden á actividade tarefa.*

Engadindo un novo Tarefa a Módulo3.- Creación de contidos, recursos e tarefas ?

- ▶ Xeral
- ▶ Disponibilidade
- ▶ Tipos de entrega
- ▶ Tipo de comentarios
- ▶ Configuración de entregas
- ▶ Configuración de entregas de grupo
- ▶ Notificacións
- ▶ Cualificación
- ▶ Configuración común do módulo
- ▶ Restrict access
- ▶ Completado da actividade

[Gardar e volver ao curso](#) [Gardar e mostrar](#) [Cancelar](#)

[Licenza: Dominio público](#)

Tamén accedemos a esta pantalla de configuración cando queremos **ver ou modificar unha actividade xa creada**. Nestes casos, accedemos a ela como amosa a imaxe:

Exemplo de tarefa

Para acceder á pantalla de configuración dunha actividade xa creada:

- 1º Activar a edición do curso
- 2º Premer "Editar" e logo "Editar a configuración"

Editar ▾

- ⚙️ **Editar a configuración**
- ➔ Mover cara á dereita
- ➔ Mover cara á esquerda
- 👁️ Ocultar
- 📄 Duplicar
- 👤 Asignar roles
- ✕ Eliminar

The image shows a software interface for editing a task. At the top, there is a header bar with a document icon and the text 'Exemplo de tarefa'. Below this, there are two blue instructions: '1º Activar a edición do curso' and '2º Premer "Editar" e logo "Editar a configuración"'. To the right, there is a toolbar with an 'Editar' button and a dropdown menu. The dropdown menu is open, showing several options: 'Editar a configuración' (highlighted in blue), 'Mover cara á dereita', 'Mover cara á esquerda', 'Ocultar', 'Duplicar', 'Asignar roles', and 'Eliminar'. Blue arrows point from the instructions to the 'Editar' button and the 'Editar a configuración' option in the menu.

[Licenza: Dominio público](#)






Xeral e contido


En **Xeral** poñemos o **nome** da actividade que vai aparecer no curso e a súa **descricaoión**, incluíndo instruccións precisas sobre o que o alumnado ten que facer para superar a tarefa, e máis para entregala.

▼ Xeral

Nome da tarefa* **O nome có que vai a aparecer a tarefa no curso**

Descrición* **Aquí debemos dar as instrucción ao alumnado do que debe facer nesta actividade, e cómo entregar o resultado.**

Parágrafo **B I**     

 Nesta tarefa teredes que crear e configurar tres tarefas de diferente tipo, de xeito que se inclúa, como mínimo, unha actividade colaborativa (glosario, foro, ..).

Non se inclúe nesta tarefa o cuestionario, xa que se levará a cabo na seguinte tarefa do curso.

A configuración das tareas debe incluír como mínimo:

- **A descrición:** de xeito que quede claro ao alumnado o que teñen que facer.

Ruta: p

Presentar a descrición na páxina do curso

Dispoñibilidade e restriccións de acceso

Hai que distinguir entre a dispoñibilidade e a restricción de acceso.

- **Dispoñibilidade:** serve para indicar as datas nas que o alumnado pode facer a entrega dunha tarefa. Pero **a tarefa está visible, aínda que non poda facer a entrega.**
- **Restricción de acceso:** permítenos **ter oculta unha tarefa ata a data na que se vai a levar a cabo.** Se poñemos unha restricción de data de peche, a partir desa data, a tarefa volve estar oculta ao alumnado.

Dispoñibilidade.

A dispoñibilidade indica as datas nos que o alumnado pode responder ou entregar o resultado da tarefa. Aquí se configura a **data límite para entregar** as tarefas.

▼ **Dispoñibilidade**

Permitir entregas de ?

18 ▾ Novembro ▾ 2019 ▾ 00 ▾ 00 ▾ Activar

Data límite ?

28 ▾ Abril ▾ 2020 ▾ 00 ▾ 00 ▾ Activar

Data de corte ?

9 ▾ Xaneiro ▾ 2020 ▾ 17 ▾ 55 ▾ Activar

Amosar sempre a descrición ?

[Licenza: Dominio público](#)

Restricción de acceso.

A configuración da restricción de acceso permite determinar cando vai a ser accesible un recurso ou unha actividade.

Hai varios **tipos de restriccións:**

- **Condición de data:** se poden especificar datas de apertura e peche do acceso. Fora destas datas, a actividade non é visible para o alumnado.

- **Condición de calificación:** empregaremos esta opción cando precisemos obter unha porcentaxe de cumprimento nunha actividade (entre 50% e 75%), antes de poder acceder a estoutro recurso.
- **Condición de usuario:** se queremos restringir o acceso a un ou varios usuarios, tamén podemos facelo indicando o campo polo que facer o filtrado e o valor do mesmo.
- **Condición de remate doutras actividades:** cando a condición para acceder ao noso recurso/actividade é ter rematada unha actividade previa.

▼ Restrict access

Allow access from ⓘ

3 ▾ Decembro ▾ 2019 ▾ 00 ▾ 00 ▾ Activar

Allow access until

3 ▾ Decembro ▾ 2019 ▾ 00 ▾ 00 ▾ Activar

Aquí podemos indicar a data e hora de apertura e de peche do recurso/actividade.

Se queremos que este recurso/actividade esté dispoñible cando se obteña unha determinada calificación nunha actividade

Grade condition ⓘ

1º Escollemos a actividade 2º Indicamos a porcentaxe a obter na mesma

(none) ▾ must be at least % and less than %

 Pode engadirse máis dunha condición deste tipo

User field ⓘ

1º Escollemos o campo 3º Poñemos o valor a buscar

(none) ▾ contains ▾

 2º Indicamos se debe conter, ser igual, ...

Tamén podemos restringir o acceso por usuario, empregando os campos do perfil do usuario

Activity completion condition ⓘ

1º Escollemos actividade

(none) ▾ must be marked complete ▾

 2º Indicamos o grado de cumprimento

Se queremos que este recurso sexa accesible cando se supere unha actividade

While access is prevented

Show activity greyed-out, with restriction information ▾

Tipos de entrega

No tipo de entrega escollemos o **modo no que se van recoller os resultados** da tarefa.

The screenshot shows the 'Tipos de entrega' configuration panel. It includes three radio buttons: 'Entregas de ficheiros' (unchecked), 'Texto en liña' (checked), and 'Portafolio Agueiro' (unchecked). Below these are three dropdown menus: 'Número máximo de ficheiros enviados' (set to 1), 'Tamaño máximo da entrega' (set to 'Sitio límite de envío (2MB)'), and 'Sitio' (empty). A status message at the bottom reads 'Non se atopa o servizo de rede de Agueiro.' Blue arrows point from text annotations to the 'Texto en liña' option, the 'Número máximo de ficheiros enviados' dropdown, and the 'Tamaño máximo da entrega' dropdown.

▼ Tipos de entrega

Tipos de entrega

Entregas de ficheiros Texto en liña Portafolio Agueiro

Número máximo de ficheiros enviados

1

Tamaño máximo da entrega

Sitio límite de envío (2MB)

Sitio

Non se atopa o servizo de rede de Agueiro.

O alumnado terá que entregar un arquivo coas respostas da tarefa. Se poderá configurar o número de arquivos a entregar e o seu tamaño máximo

No caso de que o centro empregue a rede Agueiro, o alumnado poderá presentar páxinas web feitas nesta rede onde se recollen as respostas.

Neste caso, ao entrar na tarefa, haberá un cadro de texto onde o alumnado deberá responder á tarefa.

Tipo de comentarios

Moodle proporciona diferentes modos para que os docentes podan **comentar as cualificacións** das tarefas dos alumnos:

▼ Tipo de comentarios


No caso de que a entrega sexan páxinas de Agueiro, con esta opción se desbloquean para que o alumno poida modificalas.

Tipo de comentarios

Comentarios Feedback Agueiro Ficheiros de comentarios Folla de cualificacións externa

Con esta opción enviamos un arquivo coas correccións que pode ser o propio arquivo do alumno correxido ou un propio con anotacións

Esta outra opción nos permite adxuntar unha folla de cálculo coas valoracións da tarefa



[Licenza: Dominio público](#)

Configuración de agrupamento

Moodle permite **configurar actividades grupais**, que poden avaliarse de xeito individual ou cunha única nota por grupo.

Para **configurar unha tarefa de xeito grupal** teremos que ter en conta as seguintes **opcións de configuración da actividade**:

- Configuración de entregas
- Configuración de entregas en grupo
- Configuración común do módulo

As opcións de configuración serían:

▼ Configuración de entregas

Requirir que os alumnos preman no botón de entrega

Requirir que os alumnos acepten a declaración de entrega

Intentos reabertos

Intentos máximos

▼ Configuración de entregas de grupo

Alumnos que entregan en grupos*

Require a entrega de todos os membros do grupo*

Agrupación por grupos de alumnos

Amosar menos...

▶ Notificacións

▶ Cualificación

▼ Configuración común do módulo

Visible

Número de ID

Modo de grupo

Agrupamento

Dispoñíbel só para membros do grupo

Podemos configurar cómo van facer os grupos a entrega da tarefa:
- Entrega un só ou todos os membros

E para pasar da Vista preliminar á entrega:
- Todos deben premer o botón de entrega
- Todos deben aceptar a entrega feita por un

Para facer unha tarefa grupal imprescindible

Se queremos restrinxir a tarefa a un único grupo ou grupos asignarémola ao agrupamento que conteña eses grupos

[Licenza: Dominio público](#)

Un exemplo de configuración:

▼ Configuración de entregas

Requirir que os alumnos preman no botón de entrega ?

Requirir que os alumnos acepten a declaración de entrega ?

Intentos reabertos ?

Intentos máximos ?

▼ Configuración de entregas de grupo

Alumnos que entregan en grupos* ?

Require a entrega de todos os membros do grupo* ?

Agrupación por grupos de alumnos ?
 A mosar menos...

▶ Notificacións

▶ Cualificación

▼ Configuración común do módulo

Visible

Número de ID ?

Modo de grupo ?

Agrupamento ?

Dispoñíbel só para membros do grupo

Todos os membros do grupo teñen que facer unha entrega para poder calificar a tarefa

Neste caso a tarefa é para os grupos do curso que pertencen ao agrupamento "Todos"

Notificacións

Pode resultar interesante para o titor do curso **saber cándoo hai entregas**, xa sexa dentro o fóra de prazo. Deste xeito evitamos ter que entrar na tarefa para ver se hai entregas pendentes de avaliar.

Moodle proporciona a opción de **configuración de Notificacións nas tarefas** para estes avisos:

▼ Notificacións

Notificar aos cualificadores sobre entregas ?

Non ▼

Notificar aos cualificadores as entregas fora de prazo ?

Non ▼

[Licenza: Dominio público](#)

Cualificación

Moodle permite configurar a cualificación dunha tarefa, permitindo escoller:

- A **escala** empregada, por exemplo, sobre 10 ou sobre 7.
- O **método de cualificación**, que me vai permitir empregar, por exemplo, unha guía ou unha rúbrica para avaliar. Verase a súa configuración no "*Módulo4.- Xestión avanzada de cualificacións*"
- A **categoría de cualificación**, se incluímos o **proceso de avaliación** no curso configurando o "**Libro de cualificacións**", asignaríamos esta tarefa á categoría de avaliación na que puntúe. Verase a súa configuración no "*Módulo4.- Xestión avanzada de cualificacións*"
- **Corrección cega**, para facer **correccións anónimas**, onde se descoñece o autor da tarefa que se está a cualificar.

▼ Cualificación

Cualificación *Escollemos a escala de cualificación, neste caso de 0-10. Podemos pedir aos administradores crear unha nova escala*

10 ▼

Método de cualificación *Proporcionando os criterios de cualificación queda moito máis claro o que hai que facer nunha tarefa*

Cualificación directa simple ▼

Cualificación directa simple ▼
Cualificación directa simple
Guía de corrección
Rúbrica *A guía e a rúbrica amosan estes criterios e fan máis doada a corrección.*

Categoría de cualificación *Aquí indicamos a qué categoría de avaliación pertence esta tarefa*

Sen categoría ▼

Corrección cega *Se usamos correctores e queremos que fagan unha cualificación anónima, poremos este campo a Sí.*

Non ▼


Usar o fluxo de traballo de corrección *Se queremos controlar o proceso de cualificación e decidir cándo publicar as cualificacións*

Non ▼

Usar asignación de corrector

Non ▼

- **Fluxo de traballo.** Unha ventaxa de usar o **fluxograma** para calificar é que as calificacións poden estar ocultas ao alumnado ata que se configuren como "Publicado" o estado da tarefa na súa pantalla de corrección. A lista de pasos é:
 - Sen corrixir (a cualificación non comezou)
 - En corrección (estase a facer a cualificación)
 - Corrección completada (a cualificación está pendente de revisións polo corrector)
 - En revisión (a cualificación está pendente de revisións polo profesor responsable de calidade)
 - Listo para publicar (a cualificación está feita e revisada. Agarda a publicación, por exemplo para facela con todos á vez)
 - Publicado (o alumnado pode acceder ás cualificacións/retroalimentación)




[Licenza: Dominio público](#)

Completado de actividade

O completado de actividade permite configurar cando unha actividade dase por completada. Hai dúas opcións:

- **Configurado opcional ou non configurado** (non hai condicións que cumprir):



▼ Completado da actividade

Seguimento de completado ⓘ

Sen condicións

Requirir ver

Agardase completala en ⓘ

5 ▼ Decembro ▼ 2019 ▼ Activar

Amosar a actividade como completada cando se cumplan as condicións ▼


Non indicar o completado da actividade

Os alumnos poden marcar manualmente a actividade como completada

Amosar a actividade como completada cando se cumplan as condicións

[Licenza: Dominio público](#)

- **Configuración condicionada.** O completado de actividade pode configurarse coas seguintes condicións:



▼ Completado da actividade

Seguimento de completado ⓘ

Amosar a actividade como completada cando se cumplan as condicións ▼

Requirir ver O alumno debe ver esta actividade para completala

Require cualificación ⓘ

O alumno debe recibir unha cualificación para completar esta actividade

O alumno debe entregar esta actividade para completala

Agardase completala en ⓘ

9 ▼ Novembro ▼ 2019 ▼ Activar

Obriga ao cumprimento dunhas condicións para dar por completa a actividade e xera un check condicionado.

[Licenza: Dominio público](#)

Configuración doutras actividades

A continuación verase a configuración dalgunha das **actividades máis comúns** dos cursos eLearning propias de Moodle, como o **foro** ou o **glosario**.

Tamén se incluírá o **obradoiro**, que resulta especialmente interesante xa que proporciona a posibilidade de configurar a **avaliación entre iguais e a autoavaliación**. Dende o punto de vista didáctico é enriquecedor para o alumnado por se na pel do corrector e observar o comportamento dos seus compañeiros con respecto a aspectos como a responsabilidade, preocupación do traballo ben feito, etc. que non se ven na súa relación cotiá entre iguais.

Explicaranse só as **opcións de configuración específicas** destas actividades.

Foro

Os foros son unha **actividade fundamental no eLearning** xa que permite dinamizar os cursos, e acadar unha actitude proactiva no alumnado.

Existen distintos **tipos de foros**, en función do tipo de actividade que desexemos plantexar:

1. **Debate sinxelo:** só existe un único tema e un único fío de discusión. Axeitado para debates concretos, por exemplo foros asociados a un tema particular do temario, ben acotado e definido.
2. **Cada persoa plantexa un tema:** Cada persoa plantexa un único tema iniciando un fío de discusión. Axeitado para invitar a cada un dos alumnos a realizar unha exposición inicial e recabar opinións dos seus compañeiros.
3. **Foro de uso xeral:** Permite múltiples discusións sin restricción. É o máis habitual e axeitado como foro de dúbidas.
4. **Foro de P e R (Preguntas e Respostas):** só permite ver as respostas dos demais participantes, despois de engadir a propia resposta.


▼ Xeral

Nome do foro*

Descrición*

Parágrafo

B I [Listas] [Enlaces] [Imaxe] [Vídeo] [Documento]

 Se tes algunha dúbida sobre o que vimos nesta unidade, podes preguntala aquí.

Ruta: p » img


Presentar a descrición na páxina do curso

Tipo de foro

Foro estándar para uso xeral

Anexos e subscricións

Cando engadimos unha entrada no foro pode estar permitido **anexar ficheiros** ou non. Isto se configura:



The image shows a configuration interface for forum settings, divided into two sections: "Anexos e reconto de palabras" and "Subscrición e seguimento".

Anexos e reconto de palabras

- Tamaño máximo do anexo**: A dropdown menu set to "500KB".
- Número máximo de anexos**: A dropdown menu set to "9".
- Amosar o número de palabras**: A dropdown menu set to "Non".

Subscrición e seguimento

- Modo de subscrición**: A dropdown menu set to "Subscrición opcional". A blue arrow points from this menu to a larger dropdown menu on the right, which lists four options: "Subscrición opcional" (highlighted in blue), "Subscrición forzada", "Autosubscrición", and "Subscrición desactivada".
- Ler o seguimento deste foro?**: A dropdown menu set to "Opcional".

Blue text annotations provide additional information:

- Next to the attachment settings: "Arquivos que pode adxuntar á entrada do foro, e tamaño máximo de cada un".
- Next to the "Ler o seguimento deste foro?" setting: "Se estás subscrito a un foro, recibes un correo por cada entrada no foro".

[Licenza: Dominio público](#)

Cando un participante está subscrito a un foro significa que recibirán copias por correo electrónico dos comentarios do foro.

Hai 4 opcións de modo de subscrición:

- **Subscrición opcional** - Os participantes poden escoller cando se subscriben
- **Subscrición forzada** - Todo o mundo está subscrito e non pode cancelar a subscrición
- **Autosubscrición** - Todo o mundo está subscrito inicialmente mais pode escoller cancelar a subscrición en calquera momento
- **Subscrición desactivada** - Non se permiten as subscricións

Puntuacións

O foro pode presentarse como unha actividade ao alumnado, no que sexa obrigatorio facer unha ou varias entradas.

Neste caso, poderemos **puntuar a súa participación no foro** tal como se indica:

1. Escollemos cómo imos calcular a nota en función das súas entradas: facendo a media obtida de todas elas, quedándonos coa puntuación máxima, etc.
2. Unha vez escollida a forma de calcular a nota, activarase a escala de puntuación da actividade: sobre 10, 1, etc.

The screenshot shows a configuration panel for forum grading. At the top, a section titled 'Puntuacións' includes a blue instruction: 'Se temos interés en puntuar as entradas nun foro, aquí se elixe cómo obter a nota do foro'. Below this, the 'Roles con permiso para puntuar' are listed as 'Manager, Teacher, Non-editing teacher'. The 'Tipo agragado' dropdown is currently set to 'Sen puntuacións', and a blue arrow points to its expanded menu, which lists: 'Sen puntuacións', 'Media de puntuacións', 'Número de puntuacións', 'Puntuación máxima', 'Puntuación mínima', and 'Suma de puntuacións'. The 'Escala' dropdown is set to 'Sen cualificación', with a blue instruction: 'A escala actívase se escollemos un tipo de puntuación'. At the bottom, there are date range fields for 'De' and 'para', both set to '14 Xaneiro 2020 12 30'.

Completado de actividade

Xa escollimos o sistema de puntuación, pero no "Completado da actividade" indicaremos **cántas aportacións e de qué tipo debe facer cada alumno** para considerarse superada a actividade:

▼ Completado da actividade

Seguimento de completado ⓘ **Se queremos puntuar a participación no foro debemos incluír as condicións a cumprir e activar estas opcións**

Amosar a actividade como completada cando se cumpran as condicións ▼

Requirir ver O alumno debe ver esta actividade para completala

Require cualificación ⓘ

O alumno debe recibir unha cualificación para completar esta actividade

Require comentarios **Son comentarios a fíos doutros** **Nestes campos indicamos as aportacións requiridas**

O alumno debe comentar discusións ou respostas:

Requírese discusións **Se debe engadir un novo tema de discusión o novo fío**

Os alumnos deben crear discusión:

Require respostas **Se ten a obriga de responder aos comentarios do seu fío**

O alumno debe comentar respostas:

Agardase completala en ⓘ

15 ▼ Xaneiro ▼ 2020 ▼ Activar

Glosario

Os glosarios permiten **crear coleccións de termos** a modo de diccionario. É unha boa **actividade para acadar a linguaxe técnica** dos módulos, que pode crearse de xeito colaborativo aínda que avaliable individualmente, a cada un polas súas entradas.






É importante na **descripción do glosario** indicar a **temática** do mesmo e **as normas de publicación** de cada termo, para crear unha colección cun aspecto coherente.

▼ Xeral

Nome*

Glosario de termos Moodle


Descripción*


Formato **B** *I*     


Este é un exemplo de glosario onde o alumnado poderá engadir termos relacionados có Moodle.
É importante por normas de edición dos termos a engadir, para que haxa unha coherencia, por exemplo:
Cada entrada do glosario se escribirá neste formato:

- Termo escrito en maiúsculas.
- **Descripción:**
 - En galego.
 - Se o termo son siglas, o primeiro da descripción será o significado destas siglas.
 - Incluirá a definición do termo.

Ruta: ul » ul » li

Presentar a descripción na páxina do curso 

Este glosario, é global?  **Un glosario global compártese a nivel de aula virtual**

Tipo de glosario  **Pode haber un único glosario principal por curso, e dende el pódense importar os termos dos glosarios secundarios. Pode haber varios glosarios secundarios.**

Glosario secundario ▼

Entradas

Para **xestionar as entradas** ao glosario configuramos:

▼ Entradas

Aprobado predeterminado ⓘ

Unha vez engadida unha entrada xa se publica, sen revisión.
Se queremos controlar as publicacións, poriamos NON

Editar sempre ⓘ

Deste xeito o alumno non pode editar indefinidamente a entrada, só durante certo tempo.

Permitidas as entradas duplicadas ⓘ

Permitir comentarios nas entradas ⓘ

Ligar automaticamente as entradas do glosario ⓘ

Só se hai un glosario global.
Se está activado e aparece neste glosario un termo definido no glosario global, crearíase un enlace á súa definición global.

Apariencia

Tamén podemos escoller o **modo en que aparece cada entrada do glosario**. Os formatos por defecto son os seguintes:

- **Simple, estilo diccionario** - como un diccionario convencional con entradas separadas. Non aparecen os autores e os anexos se amosan como enlaces.
- **Continuo con autor** - Similar ao estilo simple, pero inclúe o autor de cada entrada.
- **Completo con autor** - Apariencia de formato de tipo foro incluíndo o autor. Os anexos aparecen tamén como enlaces.
- **Completo sin autor** - Apariencia de formato de tipo foro sen incluír o autor. Os anexos aparecen tamén como enlaces.
- **Enciclopedia** - Similar a 'Completo con autor' pero os anexos aparecen como imaxes ao estar en liña.
- **Lista de Entradas** - os conceptos aparecen como unha lista de enlaces.
- **FAQ** - Para facer listas de consultas máis frecuentes. Engádense automaticamente as palabras correspondentes a pregunta (QUESTION en inglés) e a resposta (ANSWER) no concepto e na definición respectivamente.

▼ Aparencia

Presentar formato [?]

Simple, estilo de diccionario ▼

Formato de presentación da aprobación [?]

Predeterminado igual que o formato de presentación ▼

Aquí escollemos o formato das entradas do glosario, tanto na súa elaboración como na publicación definitiva.

Entradas por páxina

10

Amosar ligazóns ao alfabeto [?]

Si ▼

Os termos están ordeados alfabeticamente e presenta o menú de busca:

Especial | A | B | C | D | E | F | G | H | I | L | M | N | Ñ | O | P | Q | R | S | T | U | V | X | Z | TODAS

Amosar a ligazón «TODO» [?]

Si ▼

Para ver todas as entradas á vez

Amosar a ligazón «Especial» [?]

Si ▼

Para busca con caracteres especiais

Permitir vista de impresión [?]

Si ▼

Puntuacións

O glosario, igual que o foro, pode presentarse como unha actividade ao alumnado, no que sexa obrigatorio facer unha ou varias entradas.

Neste caso, poderemos **puntuar a súa participación no glosario** tal como se indica:

1. Escollemos cómo imos calcular a nota en función das súas entradas: facendo a media obtida de todas elas, quedándonos coa puntuación máxima, etc.
2. Unha vez escollida a forma de calcular a nota, activarase a escala de puntuación da actividade: sobre 10, 1, etc.

▼ Puntuacións

Se queremos puntuar as entradas do glosario aquí indicamos cómo calcular a nota desta actividade

Roles con permiso para puntuar ⓘ

A comprobación de permisos non está dispoñíbel ata que se garde a actividade

Tipo agragado ⓘ

Sen puntuacións ▼


- Sen puntuacións
- Media de puntuacións
- Número de puntuacións
- Puntuación máxima
- Puntuación mínima
- Suma de puntuacións

Escala


Escala: Escala 0-10 ▼

Limitar as puntuacións aos elementos con datas neste intervalo:

De

15 ▼ Xaneiro ▼ 2020 ▼ 16 ▼ 25 ▼ 

para

15 ▼ Xaneiro ▼ 2020 ▼ 16 ▼ 25 ▼ 

Completado de actividade

Xa escollimos o sistema de puntuación, pero no "Completado da actividade" indicaremos **cántas aportacións e de qué tipo debe facer cada alumno** para considerarse superada a actividade:

▼ Completado da actividade Se queremos puntuar a participación no glosario, debemos incluír as condicións a cumprir e activar

Seguimento de completado ?

Requirir ver O alumno debe ver esta actividade para completala ←

Require cualificación ?

O alumno debe recibir unha cualificación para completar esta actividade

Require entradas

O estudante debe crear entradas: Tamén indicaremos cuántas entradas debe facer no glosario

Agardase completala en ?

Activar

Obradoiro

O "Obradoiro" permite ao profesor propor un **traballo individual** coa característica de que o traballo dun estudante pode ser **avaliado por outros estudantes (coavaliación)**. A avaliación debe facerse mediante un conxunto de criterios e rúbricas.

No Obradoiro o alumno recibe **dúas cualificacións separadas**:

- Polo seu traballo, proveniente da media das avaliacións que reciba.
- Polas súas avaliacións. As avaliacións que realiza o estudante son cualificadas de forma automática en función do resto de cualificacións.

O **Obradoiro desenvólvese en fases**, cada unha cunhas tarefas determinadas para profesor e estudantes. Estas fases son:

1. Configuración (profesorado)
2. Envío dos traballos (alumnado)
3. Avaliación inter pares e autoavaliación (alumnado)
4. Revisión das cualificacións feitas polo alumnado (profesorado)
5. Peche (profesorado). Nesta fase o alumnado verá as súas cualificacións.

O Obradoiro é, sen dúbida, a actividade máis complexa de configurar polo que é necesario ter un nivel avanzado no manexo de Moodle.

A información sobre a creación e configuración do obradoiro foi obtida do "Espazo de apoio á Creación de cursos Platega".

Crear e configurar

A creación e configuración dun "obradoiro" pasa por varias fases. A aula virtual encárgase de informarnos sobre os pasos dados e sobre os que faltan. Vexamos a secuencia de creación mediante e configuración mediante capturas de pantalla.



Pasos:

1. Crea o obradoiro. Activar edición > Módulo X > Engadir unha actividade ou recurso > Obradoiro

1.1 Configúrao no seu formulario: Editar > Editar configuración. Esta captura recolle unha configuración típica dun obradoiro:

Actualizando Obradoiro en Módulo 2. A reprodución das baleas Expandir todo

Xeral

Nome do obradoiro 2.4 As especies de baleas. Obradoiro de auto e coavaliación

Descrición

Parágrafo **B I** **2.4 As especies de baleas. Obradoiro de auto e coavaliación**

Familia do tipo Tamaño da letra Ruta: p

Presentar a descrición na páxina do curso

Axustes da cualificación

Estratexia das cualificacións Rubrica

Cualificación para a entrega 70 Módulo 2

Cualificación aprobatoria de entregas 60,00

Cualificación para avaliación 30 Módulo 2

Cualificación aprobatoria de avaliación 20,00

Posicións decimais nas cualificacións 0

Configuración de entregas

Instrucións para a entrega

Descrición da tarefa
Fases do obradoiro
Info sobre a tarefa

Neste Obradoiro avaliaremos o traballo feito por cada un, en primeiro lugar **autoavaliándose** e, en segundo lugar, **coavaliado** por varios compañeiros para recibir o **feedback** dos iguais. A tutoría supervisará as auto e coavaliacións, **heteroavaliación**.

O traballo avaliado neste obradoiro debe ter estas características:

- Extensión máxima: unha páxina en formato PDF



- Enumera e comenta as especies ou tipos de baleas existentes
- Cita cando menos un exemplo de cada especie de baleas
- Ilustra o traballo con imaxes das dúas especies.

Fases do obradoiro. No cadro do obradoiro aparecen as datas concretas. O cambio de fase é practicamente automático nas datas indicadas. Por iso, respectar os prazos é imprescindible pois non facelo implica perder os puntos que aporta o obradoiro á cualificación final.

Fase de envío:

1. Subir o teu traballo.

- 1.1 Efectuaremos o envío do arquivo PDF premendo en **Comezar a preparación da súa entrega**
- 1.2 En Envío > Título: Ponlle título ao teu traballo.
- 1.3 En Envío > Contido da entrega: Podes escribir, un comentario para as persoas avaliadoras do teu traballo

Ruta: p

Número máximo de anexos por entrega

1

Tipos de ficheiros permitidos como anexos a entregas

Escooller Non hai selección

Tamaño máximo de anexo na entrega

Curso límite de envío (50MB)

Entregas atrasadas

Permitir entregas fora de prazo

Axustes da avaliación

Instrucións para a avaliación

Parágrafo B I Listas Imaxes Emojis

Autoavaliación

Ruta: p

Empregar a autoavaliación

Os alumnos poden avaliar o seu propio traballo

Comentarios

Mo do de comentario global

Activado e requirido

Número máximo de anexos globais de comentarios

0

Tipos de ficheiros permitidos como anexos a comentarios

Escooller Non hai selección

Tamaño máximo de anexos globais de comentarios

Curso límite de envío (50MB)

Conclusión

Parágrafo B I Listas Imaxes Emojis

Obradoiro pechado

Unha vez pechado o taller amósanse as cualificacións:

A súa cualificación

	Cualificación para a entrega	Cualificación para avaliación
Premendo no título veremos as cualificacións e os comentarios	35,00 / 70,00	30,00 / 30,00

Ruta: p

Mensaxe do obradoiro pechado



Envíos de exemplo

Empregar exemplos

Proporcionanse exemplos de entregas para practicar a avaliación

Opcional

Modo de avaliación de exemplos

Debe avaliar os exemplos antes da entrega propia

Disponibilidade

Comezo dos envíos

4 Novembro 2019 17 45 Activar

Fin dos envíos

4 Novembro 2019 17 45 Activar

Cambiar para a seguinte fase após a data límite para entregas

Datas das fases

Aberto para avaliacións desde

4 Novembro 2019 17 45 Activar

Data límite de avaliacións 4 Novembro 2019 17 45 Activar

▼ Configuración común do módulo

Dispoñibilidade Amosar na páxina do curso

Número ID

Modo de grupo Grupos separados

Agrupamento Ningún

▶ Restrinxir acceso

▼ Completado da actividade **Opcional**

Seguimento de completado Amosar a actividade como completada cando se cumbran as condicións

Requirir ver O alumno debe ver esta actividade para completala

Require cualificación O alumno debe recibir unha cualificación para completar esta actividade

Agardase completala en 4 Novembro 2019 17 45 Activar

▶ Etiquetas

▶ Competencias

Neste formulario hai campos obrigatorios marcados con

Licenza: [CC BY-SA](https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/)

1.2 Comproba os pasos realizados. Unha vez gardado a aula virtual infórmanos da fase na que estamos (fondo verde), dos asuntos resoltos e dos aínda pendentes:

2.4 As especies de baleas. Obradoiro de auto e coavaliación

Fase de configuración



Fases

Fase de configuración Fase actual ●	Fase de entrega Cambiar para a fase de entrega ○	Fase de avaliación Cambiar para a fase de avaliación ○	Fase de cualificación das avaliacións Cambiar para a fase de cualificación ○	Pechada Pechar obradoiro ○
<ul style="list-style-type: none">✓ Estabelecer a descrición do obradoiro Feito!!!✓ Proporcionar instrucións para a entrega✗ Editar o formato de avaliación✗ Preparar unha entrega de exemplo✗ Cambiar para a fase de seguinte Sen facer!!!	<ul style="list-style-type: none">✗ Proporcionar instrucións para a avaliación✗ Asignar entregas agardábase: 0 entregouse: 0 para localizar: 0ⓘ Permítense entregas atrasadas		<ul style="list-style-type: none">✓ Calcular as cualificacións das entregas agardábase: 0 calculouse: 0✓ Calcular as cualificacións da avaliación agardábase: 0 calculouse: 0✗ Proporcionar unha conclusión da actividade	

Descrición

...

Envíos de exemplo

Debe definir a forma de avaliación antes de proporcionar envíos de exemplo

Olló!!!

◀ Base de datos con recursos compartidos sobre a: Ir a...

Folla de ruta 3. "Título do módulo" ▶

Rúbrica de avaliación

2. Configura a rúbrica de avaliación do obradoiro:

2.1 Preme en **Editar o formato de avaliación**, na fase de configuración do obradoiro do cadro das fases. Crea tantos "criterios" como desempeños se vaian avaliar.

Fíxate que podes valorar con puntos os diferentes niveis de logro. Na imaxe seguinte valóranse 3 niveis con 0, 1 e 2 puntos respectivamente, pero poderían ser 0, 2 e 4. Deste xeito podes darlle máis ou menos peso (puntos) aos niveis de logro en cada desempeño en función da súa dificultade, complexidade, tempo requerido etc...

Na seguinte imaxe tes un criterio xa configurado:

The screenshot shows the configuration interface for a rubric. At the top, it says "2.4 As especies de baleas. Obradoiro de auto e coavaliación" and "Rubrica". There is a link "Expandir todo".

Criterio 1 is expanded. It has a description: "Desempeño **avaliado**". The text area contains: "Enuncia as especies de baleas, comenta as súas características e as ilustra." Below this is a rich text editor toolbar.

Below the description is a table for defining achievement levels:

Cualificación de nivel e definición	Definición
0	NON enuncia as especies de baleas NIN comenta as súas características NIN ilustra cada especie cunha imaxe axeitada.
1	Enuncia as dúas especies de baleas, OU comenta as súas características OU ilustra ambos tipos cunha imaxe dunha das súas especies, PERO omite algún destes aspectos.
2	Enuncia as dúas especies de baleas, comenta as súas características e ilustra ambos tipos cunha imaxe dunha das súas especies.
3	Niveis de logro
4	

Below the table are sections for "Criterio 2" and "Criterio 3".

At the bottom, there is a "Configuración de rúbrica" section with "Deseño de rubrica" options: "Lista" (selected) and "Grella". A "Gardar" button is next to it.

At the very bottom, there are four buttons: "Garda e continuar editando", "Gardar e facer unha vista previa", "Gardar e pechar", and "Cancelar".

At the bottom left, there is a link "2.3 Recursos compartidos sobre as baleas" and a search bar "Ir a...". At the bottom right, there is a link "Para saber máis sobre as baleas".

2.2 Comproba a rúbrica coa vista previa. Unha vez completa a rúbrica preme en "Garda e facer unha vista previa" e amosarase. A configuración das capturas anteriores produce esta rubrica:

2.4 As especies de baleas. Obradoiro de auto e coavaliación

Forma de avaliación

Criterio 1

Enuncia as especies de baleas, comenta as súas características e as ilustra.

Niveis de logro

- NON enuncia as especies de baleas NIN comenta as súas características NIN ilustra cada especie cunha imaxe axeitada.
- Enuncia as dúas especies de baleas, OU comenta as súas características OU ilustra ambos tipos cunha imaxe dunha das súas especies, PERO omite algún destes aspectos.
- Enuncia as dúas especies de baleas, comenta as súas características e ilustra ambos tipos cunha imaxe dunha das súas especies.

Comentario global

Comentario para o autor

Desempeño ou criterio avaliado

Ruta: p

[Volver ao formulario de edición](#)

Neste formulario hai campos obrigatorios marcados con **i**

[◀ 2.3 Recursos compartidos sobre as baleas](#) [▶ Para saber máis sobre as baleas](#)

2.3 Comproba os pasos realizados:

2.4 As especies de baleas. Obradoiro de auto e coavaliación ?



Fase de configuración

Fase de configuración Fase actual ●	Fase de entrega Cambiar para a fase de entrega ○	Fase de avaliación Cambiar para a fase de avaliación ○	Fase de cualificación das avaliacións Cambiar para a fase de cualificación ○	Pechada Pechar obradoiro ○
<ul style="list-style-type: none">✓ Estabelecer a descrición do obradoiro✓ Proporcionar instrucións para a entrega✓ Editar o formato de avaliación✗ Preparar unha entrega de exemplo✗ Cambiar para a fase de seguinte	<ul style="list-style-type: none">✗ Proporcionar instrucións para a avaliación✗ Asignar entregas agardábase: 0 entregouse: 0 para localizar: 0ⓘ Permítense entregas atrasadas		<ul style="list-style-type: none">✓ Calcular as cualificacións das entregas agardábase: 0 calculouse: 0✓ Calcular as cualificacións da avaliación agardábase: 0 calculouse: 0✗ Proporcionar unha conclusión da actividade	

Descrición ▾

...

Envíos de exemplo ▾

Aínda non hai exemplos neste obradoiro

Engadir unha entrega de exemplo

Licenza: [CC BY-SA](#)

Exemplos de envío

Os obradoiros posibilitan que facilitemos aos participantes un exemplo xa resolto da tarefa e unha avaliación de referencia feitas pola titoría. **É algo OPCIONAL, non é obrigatorio facilitar o exemplo**, aínda que si moi recomendable polo orientativo que é para o participante ver un traballo similar ao que debe elaborar e coñecer e aplicar a rúbrica coa que se avaliará o seu antes de que faga a tarefa. Mesmo podemos configuralo para que o avalíen ben antes de que faga o envío do seu traballo, ben despois de que faga o seu envío e antes de que avalíe aos compañeiros ou compañeiras ou ben que o faga voluntariamente.



Pasos:

3 Comproba a fase na que estamos e seguinte paso:

2.4 As especies de baleas. Obradoiro de auto e coavaliación

Fase de configuración

Fase de configuración	Fase de entrega	Fase de avaliación	Fase de cualificación das avaliacións	Pechada
Fase actual Establecer a descrición do obradoiro Proporcionar instrucións para a entrega Editar o formato de avaliación Preparar unha entrega de exemplo Cambiar para a fase de seguinte	Cambiar para a fase de entrega Proporcionar instrucións para a avaliación Asignar entregas Permitense entregas atrasadas	Cambiar para a fase de avaliación	Cambiar para a fase de cualificación Calcular as cualificacións das entregas Calcular as cualificacións da avaliación Proporcionar unha conclusión da actividade	Pechado Pechado obradoiro

Descrición

Envíos de exemplo


Aínda non hai exemplos neste obradoiro

Engadir unha entrega de exemplo

Paso seguinte

Se queremos que o alumnado avalíe un exemplo de tarefa feita teremos que marcar o Check en "Envíos de exemplo", (na configuración xeral do obradoiro, paso 1). Este paso obriga aos participantes a analizar unha tarefa-exemplo e a aplicarlle a rúbrica de avaliación, a mesma que se aplicara ao seu traballo.

3.1 Configura as opcións de "Envíos de exemplo" no formulario de configuración do obradoiro (paso 1):



The screenshot shows a configuration form with the following elements:

- Section: **Comentarios**
- Section: **Envíos de ejemplo** (highlighted with a purple box)
- Option: **Proporcionanse exemplos de entregas para practicar a avaliación** (with a help icon)
- Annotation: **Elixir unha destas opcións** with arrows pointing to the checkbox and the help icon.
- Modal/Tooltip text:
 - A avaliación de entregas de exemplo é voluntaria
 - ✓ Debe avaliar os exemplos antes da entrega propia
 - Os exemplos estarán dispoñíbeis após enviar a súa propia entrega, e teñen que seren avaliados antes da avaliación por pares
- Section: **Dispoñibilidade**

Licenza: [CC BY-SA](#)

3.2 Engade o envío do exemplo e practica unha avaliación de referencia:

2.4 As especies de baleas. Obradoiro de auto e coavaliación?



Fase de configuración

Fase de configuración	Fase de entrega	Fase de avaliación	Fase de cualificación das avaliacións	Pechada
Fase actual ● ✓ Estabelecer a descrición do obradoiro ✓ Proporcionar instrucións para a entrega ✓ Editar o formato de avaliación ✓ Preparar unha entrega de exemplo ✗ Cambiar para a fase de seguinte	Cambiar para a fase de entrega ○ ✗ Proporcionar instrucións para a avaliación ✗ Asignar entregas agardábase: 0 entregouse: 0 para localizar: 0 i Permtense entregas atrasadas	Cambiar para a fase de avaliación ○	Cambiar para a fase de cualificación ○ ✓ Calcular as cualificacións das entregas agardábase: 0 calculouse: 0 ✓ Calcular as cualificacións da avaliación agardábase: 0 calculouse: 0 ✓ Proporcionar unha conclusión da actividade	Pechado Pechado obradoiro ○

Descrición ▾

...

Envíos de exemplo ▾

rubrica ✎

Aínda non hai cualificación

Avaliar

Engadir unha entrega de exemplo

Licenza: [CC BY-SA](#)

3.3 Engade o exemplo, ben sexa texto (unha URL, por exemplo) ou un arquivo, ou ambas cousas. O exemplo facilitado debe ser similar ao que se lles pedirá aos participantes:

▼ Envío

Título



Contido da entrega

Parágrafo ▾ **B** *I* ☰ ☷ 🔗 🔗 🔗 🖼️ 😊 🎥 📎

Texto da entrega

Ruta: p

Número máximo de anexos por entrega

1

Anexo

Tamaño máximo para os novos ficheiros: Sen límite, número máximo de ficheiros anexos: 1

📎 📁

Ficheiros

Arquivo da entrega

Arrastre e solte aquí os ficheiros para enviar.

Gardar os cambios

Cancelar

Licenza: [CC BY-SA](#)

3.4 Avalía o exemplo e facilita unha avaliación de referencia:

Confirmar

Ten que avaliar esta entrega de exemplo, para proporcionar unha avaliación de referencia. Prema no botón «Continuar» para avaliar a entrega.

Continuar

Cancelar

Tarefa 2.4 de Nome e apelido

Texto do envío

• 📎 Tarefa_de_nome.pdf

Entrega efectuada

Editar o exemplo

Eliminar o exemplo

Avaliar a entrega de exemplo

Licenza: [CC BY-SA](#)

A avaliación de referencia amosarase ao participante despois de que faga a avaliación do exemplo.

O obradoiro xa ten este aspecto, listo para usarse, aínda que podemos revisar, completar, modificar... o que sexa necesario:

2.4 As especies de baleas. Obradoiro de auto e coavaliación



Fase de configuración

Fase de configuración Fase actual ●	Fase de entrega Cambiar para a fase de entrega ○	Fase de avaliación Cambiar para a fase de avaliación ○	Fase de cualificación das avaliacións Cambiar para a fase de cualificación ○	Pechada Pechar obradoiro ○
<ul style="list-style-type: none">✓ Estabelecer a descrición do obradoiro✓ Proporcionar instrucións para a entrega✓ Editar o formato de avaliación✓ Preparar unha entrega de exemplo✗ Cambiar para a fase de seguinte	<ul style="list-style-type: none">✗ Proporcionar instrucións para a avaliación✗ Asignar entregas agardábase: 0 entregouse: 0 para localizar: 0ⓘ Permítense entregas atrasadas		<ul style="list-style-type: none">✓ Calcular as cualificacións das entregas agardábase: 0 calculouse: 0✓ Calcular as cualificacións da avaliación agardábase: 0 calculouse: 0✓ Proporcionar unha conclusión da actividade	

Descrición ▾

...

Envíos de exemplo ▾

rubrica 

Cualificación: 35 de 70

Avaliar novamente

Tarefa 2.4 de Nome e apelido 

Cualificación: 35 de 70

Avaliar novamente

Engadir unha entrega de exemplo

Licenza: [CC BY-SA](#)

3.5 Proporciona instrucións para a avaliación, no formulario de configuración do obradoiro (paso 1) en "Axustes da avaliación", na que lles debes indicar os pasos que deben dar, por exemplo:

► Configuración de entregas

▼ Axustes da avaliación

Instrucións para a avaliación

Parágrafo

B *I* [Listas] [Enlaces] [Imágenes] [Emojis] [Otros]

Unha vez aberta a fase de avaliacións, na data que aparece no cadro das fases do Obradoiro, debes autoavaliar o teu curso e despois coavaliar os cursos que teñas asignados.


1. Autoavalia o teu traballo.
2. Aparecen as compañeiras e compañeiros asignados para coavaliar. Preme no botón "Avaliar" dun deles.
3. Abrimos o seu traballo e analizámolo.
4. Temos a rúbrica para avaliar o traballo. Seleccionamos os niveis de logro e escribimoslle o noso comentario en Comentario global > *Comentario para o autor*: indicándolle as fortalezas e debilidades que na nosa opinión ten o seu traballo. Colabora positivamente comentando e xustificando as túas propostas de mellora. É obrigatorio escribir algún comentario.
5. Preme nun destes botóns segundo o que queiras facer.

Gardar e amosar o seguinte | **Gardar e pechar** | **Garda e continuar editando** | Cancelar

Coavaliarán o teu traballo varias compañeiras ou compañeiros. Comentaranche as debilidades e fortalezas que na súa opinión ten o teu traballo, pensando na súa mellora.

Ruta: p

Empregar a autoavaliación

Os alumnos poden avaliar o seu propio traballo 

► Comentarios

Licenza: [CC BY-SA](#)

Conclusión do obradoiro

Xa tes o obradoiro practicamente configurado, unicamente falta engadir o comentario que se amosará aos participantes cando, despois de rematar a fase de revisión das cualificacións, a titoría poña o obradoiro na fase: Pechar.



Pasos:

4. Proporciona unha conclusión da actividade.

No recadro de fase de cualificación das avaliacións, na parte baixa, aparece "Proporcionar unha conclusión da actividade" na que debemos escribir a mensaxe que lle aparecerá aos participantes cando entren no obradoiro despois de pechalo para ver as súas cualificacións:

Licenza: [CC BY-SA](https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/)

Aproveita para engadir un comentario aclaratorio das cualificacións do obradoiro, por exemplo: Obradoiro pechado

Unha vez pechado o taller amósanse as cualificacións:

A súa cualificación ▾



Licenza: [CC BY-SA](#)

Liches comentarios feitos polas compañeiras e compañeiros? É mellorable algún aspecto do teu curso? **Para ver as avaliacións do teu traballo feitas polos teus compañeiros** debes premer enriba do título do teu traballo. Alí verás as valoracións feitas na rúbrica e os comentarios das compañeiras ou compañeiros.

O Taller aporta **dúas cualificacións**:





1. **Cualificación do teu traballo:** É a media das cualificacións recibidas polo teu traballo.
2. **Cualificación das avaliacións feitas por ti:** Calcúlase respecto da media das cualificacións recibidas polos traballos que tí avaliaches. A túa cualificación calcúlase en función de canto se afasta a túa avaliación da dos teus pares, da valoración media dese traballo. Canto máis se achegue á media á cualificación que puxeches, maior será a túa cualificación e canto máis se afaste da media peor será a túa cualificación.

Listo!!! ... o obradoiro está preparado para que cando se imparta o curso lle poñamos as datas das fases e abramos a fase de envíos, como aparece nesta imaxe:

2.4 As especies de baleas. Obradoiro de auto e coavaliación



Fase de entrega

Fase de configuración Cambiar para a fase de configuración 	Fase de entrega Fase actual ●	Fase de avaliación Cambiar para a fase de avaliación 	Fase de cualificación das avaliacións Cambiar para a fase de cualificación 	Pechada Pechar obradoiro 
<ul style="list-style-type: none">✓ Estabelecer a descrición do obradoiro✓ Proporcionar instrucións para a entrega✓ Editar o formato de avaliación✓ Preparar unha entrega de exemplo	<ul style="list-style-type: none">✓ Proporcionar instrucións para a avaliación✗ Asignar entregas agardábase: 0 entregouse: 0 para localizar: 0ⓘ Permítense entregas atrasadas✗ Cambiar para a fase de seguinte		<ul style="list-style-type: none">✓ Calcular as cualificacións das entregas agardábase: 0 calculouse: 0✓ Calcular as cualificacións da avaliación agardábase: 0 calculouse: 0✓ Proporcionar unha conclusión da actividade	

Licenza: [CC BY-SA](https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/)

Licenciado baixo a [Licenza Creative Commons Reconehecimento Compartir igual 4.0](#)